Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Ao comezo das clases vaise recoller información directamente dos alumnos referida ás aplicacións informáticas que manexan, sobre as linguas nas que se formaron e dos estudos cursados con anterioridade, datos cos que se obtén unha idea xeral do grupo e, sobre todo, evidencian a variedade de niveis académicos que hai que afrontar (con proba de acceso e a ESO incompleta, título de educación secundaria, ESA, alumnos co bacharelato ou outro ciclo iniciados, alumnado que leva tempo sen cursar estudos ...). Ademais se lles plantexará a resolución de sinxelos exercicios matemáticos (porcentaxes, proporcionalidade... para detectar dificultades de partida.

Á reunión de avaliación inicial asistírase cos datos obtidos da observación directa dos alumnos e procurárase levar a cualificación dunha primeira proba obxectiva.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo serán sempre consensadas co resto do equipo docente e co orientador e serán persoalizadas para as necesidades detectadas nun determinado alumno/a.

Realizaranse actividades específicas para aqueles alumnos/as que teñan dificultades para acadar algún dos obxectivos específicos. O alumno/a elaborará as actividades que serán revisadas e, no seu caso, aclaradas na hora de atención aos alumnos ou nalgún recreo, se fora necesario.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Versarán sobre un sistema de valores coma a responsabilidade, a tolerancia e o respecto polos compañeiros, e a non discriminación por razón de sexo ou raza.

En canto ao respecto polo entorno, fomentárase a reciclaxe de papel, o coidado e responsabilidade no uso dos equipos de reprografía e o aforro no consumo de enerxía.

Incidirase na importancia do traballo en equipo e no espírito emprendedor.

Insistirase en manter, en todo momento, unha correcta postura ergonómica.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O departamento didáctico realiza unha visita a INDITEX cada 2 anos para que o alumnado a realice antes de finalizar o Ciclo.

Visita o CTA (Centro de Tratamento Automatizado de Correos) de Santiago.

Visita o Porto de Vigo ou Marín.

Visitas a empresas ou, dos seus empresarios a noso IES, para que nos transmitan información sobre o seu negocio, e como teñen organizado a compravenda

Todas as acordadas polo departamento, e o equipo docente. Poden incluír saídas e paseos pola contorna do centro educativo,

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía Non Presencial

Metodoloxía en caso de non presencialidade:

- Alumnado confinado no seu domicilio temporalmente debido a pandemia:

Todos os contidos traballados na aula, subíranse a aula virtual (apuntamentos, vídeos, publicacións, tarefas, etc).

O alumnado confinado terá a obriga, se as súas condicións de saúde o permiten, de seguir o curso mediante a aula virtual, e disporá do teléfono e correo electrónico da profesora, e do foro da Aula virtual para facer as consultas que precise. De ser necesario marcarase unha clase Webex.

- Confinamento de todo o grupo:



As actividades adaptaranse a unha forma non presencial, centrándose en conseguir os aspectos fundamentais dos obxectivos destas, que perseguen os resultados de aprendizaxe do módulo.

Como ferramentas principais na organización da formación non presencial, usarase as conexións WEBEX que se establezan no horario espello do Plan de ensino virtual ante a covid-19, e a Aula Virtual do centro.

- Recursos para informarse e aprender:

Clases telemáticas mediante Webex, para explicacións e aclaracións.

Lectura de apuntamentos, e demais recursos da Aula Virtual (vídeos, presentacións, publicacións, etc..)

- Actividades de aprendizaxe e avaliación: A profesora animará a visualización de recursos, participación en debates, realización de tarefas, etc, que axude a adquisición dos resultados esperados a todo o grupo, tendo en conta as distintas velocidades de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e cualificación serán os contidos nesta programación.



**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	de Rodeira	Cangas	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0439	Empresa e Administración	2023/2024	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO JAVIER CERNADAS PINTOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio administrativo ás tarefas que se leven a cabo na empresa, polo que se refire ás súas obrigas fiscais e á súa relación con organismos públicos. Esta función abrangue os seguintes aspectos:

- Apoio administrativo na elaboración de documentos referidos á fiscalidade da empresa.
- Apoio administrativo na relación da empresa cos organismos públicos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse nas seguintes funcións:

- As desenvolvidas nas empresas canto á documentación comercial e fiscal, e nas relacións coa Administración.
- As desenvolvidas en empresas de servizos de asesoría en relación ao apoio administrativo da xestión documental de impostos, permisos e trámites.

Se analizamos as empresas que colaboran co instituto na formación en centros de traballo (FCT) dos alumnos/as que cursan estudos da familia de administración e xestión, a maioría son PEMES do sector terciario e moitas delas son asesorías xurídicas.

Así mesmo, é salientable a participación nestas prácticas do Concello de Cangas.

As empresas de Vigo e Moaña onde realizan a FCT os nosos alumnos son, igualmente, asesorías. (Hai uns anos tamén contábase coa colaboración de empresas comerciais relacionadas co mar e entidades financeiras de Vigo, Moaña e Marín).

Pola relación con estas empresas e co citado organismo local así coma polos resultados obtidos, a formación que reciben neste ciclo formativo axústase ás pretensións e ao perfil que demandan para os seus empregados dos departamentos ou funcións administrativas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	As relacións entre empresas e as Administracións públicas. Presentación do módulo.	Reflexionaremos sobre a influencia das Administracións públicas na actividade empresarial pola obrigatoriedade de realizar trámites dende a súa creación e posta en marcha ata outros de tipo tributario, de solicitude de subvencións ou axudas económicas, ata os relacionados coas posibles vendas ou prestacións de servizos, etc.	10	4
2	A empresa e o empresario. Innovación e iniciativa empresarial.	A innovación e emprendemento empresarial son formas de promover unha maior competitividade e posibilitan un maior desenvolvemento económico e o crecemento do emprego. Ademais das fontes de financiamento privadas, coñeceremos a posibilidade de solicitar axudas económicas ou subvencións ás distintas Administracións públicas, dentro das medidas de apoio á iniciativa empresarial.	20	16
3	O sistema tributario español.	Os tributos son unha fonte moi importante de financiamento das Administracións públicas. Nesta UD estúdanse estes recursos económicos e identifícanse os impostos que se recadan na Administración central, na autonómica e na local.	20	16
4	Obrigas fiscais.	Ademais dos que teñen que co ver IVE, as empresas teñen que inscribirse en determinados rexistros, así como declarar e liquidar outros impostos polas rendas que obteñen: IRPF ou Imposto de Sociedades.	25	16
5	Organización territorial do estado español e institucións da UE.	Para entender os tres niveis de Administración pública, hai que partir do seu recoñecemento na propia Constitución de 1978. Ademais das institucións principais a nivel estatal, autonómico e local, coñeceremos as da Unión Europea, así como os recursos humanos cos que contan (os empregados públicos).	19	16
6	Procedemento administrativo.	Os actos das distintas Administracións públicas teñen que axustarse a un procedemento predeterminado, como se establece na Ley de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Coñeceremos as <i>¿vías¿</i> que poden utilizar os cidadáns para presentar recursos cando están en desacordo cunha decisión adoptada por un órgano da Administración. Así mesmo, falaremos dos trámites a realizar cando a empresa quere realizar entrega de bens ou prestar servizos a calquera Administración: a <i>contratación pública</i> .	15	16
7	Os rexistros públicos e o acceso á información.	Cando a empresa pretende relacionarse coas Administracións debe informarse dos requisitos, trámites, prazos, etc. que debe cumprir. Os servizos de rexistro e de información son os encargados de recibir a documentación e de facilitar os datos que os cidadáns precisan.	38	16

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	As relacións entre empresas e as Administracións públicas. Presentación do módulo.	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica a estrutura funcional e xurídica da Administración, e reconece os organismos e as persoas que a integran.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.3 Recoñecéronse as organizacións que compoñen as administracións públicas.
CA5.3.1 Recoñecéronse as administracións públicas nas que se organiza o estado español: estatal, autonómica e local
CA5.3.2 Recoñecéronse os órganos de goberno a nivel estatal, autonómico e local.
CA5.3.3 Identifícanse os recursos económicos, humanos e materiais que precisan as Administracións.
CA5.8 Identifícaronse as funcións dos fedatarios públicos.
CA5.9 Resaltouse a influencia da Administración pública na actividade empresarial

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Estrutura da Administración: órganos e institucións da Unión Europea e das administracións central, autonómica e local.
Administracións estatal, autonómica e local (CA 5.3).
Órganos de goberno a nivel estatal, autonómico e local. (CA 5.3)
Recursos económicos, humanos e materiais que precisan as Administracións.(CA 5.3)
Fedatarios públicos.
Relacións entre as empresas e as administracións públicas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o empresario. Innovación e iniciativa empresarial.	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Describe as características inherentes á innovación empresarial en relación coa actividade de creación de empresas.	SI
RA2 - Identifica o concepto de empresa e de persoa empresaria, e analiza a súa forma xurídica e a normativa aplicable.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as posibilidades de innovación empresarial (técnicas, materiais, de organización interna e externa, etc.) como fontes de desenvolvemento económico e creación de emprego.
CA1.2 Descríbense as implicacións da innovación e da iniciativa emprendedora na competitividade empresarial.
CA1.3 Comparáronse e documentáronse experiencias de innovación empresarial, e valoráronse os factores de risco asumidos en cada unha.
CA1.4 Defínense as características de empresas de base tecnolóxica en relación cos sectores económicos.
CA1.5 Enumeráronse iniciativas innovadoras que poidan aplicarse para a mellora de empresas ou organizacións xa existentes.
CA1.6 Analizáronse posibilidades de internacionalización dalgunhas empresas como factor de innovación.
CA1.7 Procuráronse axudas e ferramentas públicas e privadas para a innovación, a creación e a internacionalización de empresas, e relacionáronse estruturadamente nun informe.
CA1.8 Diagnosticáronse as actitudes emprendedoras.
CA2.1 Definiuse o concepto de empresa.
CA2.2 Distinguíuse entre personalidade física e xurídica.
CA2.3 Diferenciáronse empresas segundo a súa constitución legal.
CA2.4 Recoñecéronse as características do empresario autónomo.
CA2.5 Precísáronse as características de cada tipo de sociedade.
CA2.6 Identificouse a forma xurídica máis adecuada para cada tipo de empresa.
CA2.7 Identificáronse os tipos de franquías.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Proceso innovador na actividade empresarial. Factores de risco na innovación empresarial. Diagnóstico de actitudes emprendedoras.
Aspectos nos que inflúe o proceso innovador. (CA 1.1 e CA 1.2)
Fonte de desenvolvemento económico. (CA 1.1)

## Contidos

Medio de creación de emprego. (CA 1.1)

Aumenta a competitividade empresarial. (CA 1.2)

Factores de risco na innovación empresarial.

Diagnóstico de actitudes emprendedoras.

Perfil de risco da iniciativa emprendedora e da innovación.

Tecnoloxía como clave da innovación empresarial.

Empresas de base tecnolóxica (EBT). (CA 1.4)

Internacionalización das empresas como oportunidade de desenvolvemento e innovación.

Axudas e ferramentas para a innovación empresarial. Axudas institucionais públicas e privadas: asesoramento, financiamento de ideas, premios, etc.).

Fontes de financiamento propios. (CA1.7)

Fontes de financiamento alleos, públicos e privados. (CA 1.7)

Outras axudas e ferramentas. (CA 1.7)

Documentación que acompaña á solicitude de financiamento

Conceptos de empresa e empresario.

Persoa física e xurídica.

Constitución da empresa: condición de empresario, personalidade xurídica e trámites. Tipos de empresa.

Clasificación das empresas en base a súa personalidade. (CA 2.3)

Empresa colectiva (persoa xurídica).

Empresario individual (persoa física).

Necesidade de constitución legal para as empresas colectivas. (CA 2.3)

O empresario autónomo.

Tipos de sociedades.

Aspectos que inflúen na elección da forma xurídica.

Franquía.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O sistema tributario español.	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Analiza o sistema tributario español, e recoñece as súas finalidades básicas e as dos principais tributos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Definíronse os conceptos de tributo e de sistema tributario español.
CA3.2 Relacionouse a obriga tributaria coa súa finalidade socioeconómica.
CA3.3 Recoñeceuse a xerarquía normativa tributaria.
CA3.4 Identificáronse os tipos de tributos.
CA3.5 Discrimináronse as súas principais características.
CA3.6 Diferenciouse entre impostos directos e indirectos.
CA3.6.1 Diferenciouse á Administración pública recadadora de cada un dos impostos.
CA3.6.2 Analizáronse os impostos e taxas que recadan os concellos.
CA3.7 Identificáronse os elementos da declaración-liquidación.
CA3.8 Recoñecéronse as formas de extinción das débedas tributarias.
CA3.9 Identificáronse as infraccións e as sancións tributarias.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Sistema tributario español. Concepto e finalidade socioeconómica do tributo.
Finalidade socioeconómica dos tributos.
Concepto de tributo (CA 3.1)
Xerarquía e normativa tributaria.
Principais características dos tributos.
Normas e tipos de tributos.
Clases de impostos.
Impostos directos e indirectos.
Administración pública que recada cada un dos impostos.



Contidos

Os impostos e taxas específicos da Administración local.

Elementos da declaración-liquidación.

Formas de extinción da débeda tributaria.

Infraccións e sancións tributarias.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Obrigas fiscais.	25

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica as obrigas fiscais da empresa e diferencia os tributos aos que está suxeita.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as obrigas fiscais da empresa.
CA4.2 Precísouse a necesidade de alta no censo.
CA4.3 Definiuse o índice de actividades económicas
CA4.4 Recoñecéronse as empresas suxeitas ao pagamento do imposto de actividades económicas (IAE).
CA4.5 Recoñecéronse as características xerais do IVE e os seus réximes.
CA4.6 Interpretáronse os modelos de liquidación do IVE e recoñecéronse os prazos de declaración-liquidación.
CA4.7 Recoñeceuse a natureza e o ámbito de aplicación do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
CA4.8 Formalizáronse os modelos de liquidación de IRPF, e recoñecéronse os prazos de declaración-liquidación.
CA4.9 Identificáronse os elementos e a natureza do imposto de sociedades.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
<p>Diferentes obrigas fiscais das empresas.</p> <p>Actividades empresariais e profesionais.</p> <p>Declaración censual. Alta no censo de actividades económicas.</p> <p>Índice de actividades económicas.</p> <p>Imposto de actividades económicas.</p> <p>Imposto sobre o valor engadido: tipos e réximes; liquidación.</p> <p>Características dos réximes do IVE. (CA 4.5)</p> <p>Réximes especiais para empresarios individuais. (CA 4.5)</p> <p>Modelos de liquidación, prazos e formas de presentación. (CA 4.6)</p> <p>Natureza, obxecto e ámbito de aplicación do IRPF. Formas de estimación da renda. Retencións do IRPF.</p> <p>Natureza e ámbito de aplicación do IRPF. (CA 4.7)</p>

Contidos

Formas de estimación da renda. (CA 4.7)

Retencións a conta do IRPF. (CA 4.7)

Modelos e prazos de declaración-liquidación.

Natureza e elementos do imposto de sociedades.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Organización territorial do estado español e institucións da UE.	19

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica a estrutura funcional e xurídica da Administración, e recoñece os organismos e as persoas que a integran.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as fontes do dereito administrativo.
CA5.2 Identifícase o marco xurídico en que se integran as administracións públicas.
CA5.3 Recoñécense as organizacións que compoñen as administracións públicas.
CA5.3.4 Precísanse as funcións dos órganos e institucións da Administración central. (CA 5.3)
CA5.3.5 Precísanse as funcións dos órganos e institucións da Administración autonómica. (CA 5.3)
CA5.3.6 Precísanse as funcións dos órganos e institucións da Administración local. (CA 5.3)
CA5.3.7 Recoñécense as institucións da UE.
CA5.4 Interpretáronse as relacións entre as administracións públicas.
CA5.6 Precísanse as formas de relación laboral na Administración.
CA5.6.1 Precísanse as formas de acceso e selección ao emprego público.
CA5.6.2 Precísanse os tipos de empregados públicos.
CA5.6.3 Precísouse a situación administrativa dos funcionarios.
CA5.6.4 Precísanse os dereitos, deberes dos empregados públicos.
CA5.7 Utilizáronse as fontes de información relacionadas coa oferta de emprego público para reunir datos significativos sobre esta.
0CA5.10 Identifícase a separación de poderes en distintos títulos da Constitución de 1978

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Dereito: as súas fontes. Separación de poderes.
Fontes do dereito.
Separación dos poderes públicos.
Marco xurídico das administracións públicas.

**Contidos**

Estrutura da Administración: órganos e institucións da Unión Europea e das administracións central, autonómica e local.

Administracións estatal, autonómica e local (CA 5.3).

Funcións dos órganos e institucións da Administración central. (CA 5.3)

Funcións dos órganos e institucións da Administración autonómica. (CA 5.3)

Funcións dos órganos e institucións da Administración local. (CA 5.3)

Órganos e institucións da Unión Europea (CA 5.3).

Principios das relacións entre as administracións públicas.

Emprego público: funcionariado.

Emprego público.

Formas de acceso ao emprego público.

Tipos de empregados públicos.

Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Funcionariado.

Situación administrativa dos funcionarios.

Fontes de información relacionadas coa oferta de emprego público.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Procedemento administrativo.	15

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Describe os tipos e as características das relacións entre a cidadanía e a Administración, e formaliza documentación que xurda desta.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definiuse o concepto de acto administrativo.
CA6.2 Clasifícanse os actos administrativos.
CA6.3 Definiuse o proceso administrativo, os seus tipos, as súas fases e os tipos de silencio.
CA6.3.1 Definiuse o procedemento administrativo.
CA6.3.2 Defínense os tipos de silencio administrativo.
CA6.4 Precísanse os tipos de contratos administrativos.
CA6.5 Definiuse o concepto de recurso administrativo e diferénciáronse os seus tipos.
CA6.6 Identifícanse os actos recorribles dos non recorribles.
CA6.7 Verifícanse as condicións para a interposición dun recurso administrativo.
CA6.8 Precísanse os órganos da xurisdición contencioso-administrativa e o seu ámbito de aplicación.
CA6.9 Relaciónanse as fases do procedemento contencioso-administrativo.
OCA6.10 Recoñeceuse o procedemento de licitación pública.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Acto administrativo. Concepto de acto administrativo. (CA 6.1) Clases de actos administrativos. (CA 6.2)
Silencio administrativo. Tipos de silencio administrativo. (CA 6.3)
Contratos administrativos. Procedemento de contratación pública.

Contidos

Tipos de contratos administrativos. (CA 6.4)

Procedemento administrativo: as súas fases.

Recursos administrativos.

Concepto e tipos de recursos administrativos. (CA 6.5)

Actos recorribles e non recorribles. (CA 6.6)

Condições para a interposición dun recurso administrativo. (CA 6.7)

Xurisdición contencioso-administrativa.

Procedemento contencioso-administrativo. (CA 6.9)

Órganos e ámbito de aplicación da xurisdicción contencioso-administrativa. (CA 6.8)

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Os rexistros públicos e o acceso á información.	38

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Identifica a estrutura funcional e xurídica da Administración, e reconece os organismos e as persoas que a integran.	NO
RA7 - Realiza xestións de obtención de información e presentación de documentos ante a Administración, e identifica os tipos de rexistros públicos.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.5 Obtívose información das administracións públicas a través de diversas vías de acceso, e relacionouse esta información nun informe.
CA7.1 Cumpriéronse as normas de presentación de documentos ante a Administración.
CA7.2 Recoñecéronse as funcións dos arquivos públicos.
CA7.3 Solicitouse determinada información nun rexistro público.
CA7.4 Recoñeceuse o dereito á información, á atención e á participación da cidadanía.
CA7.5 Accedeuse ás oficinas de información e atención á cidadanía por vías como as páxinas web, os portelos únicos e a atención telefónica, para obter información salientable e relacionala nun informe tipo.
CA7.6 Identifícanse e describíronse os límites do dereito á información relacionados cos datos en poder da Administración sobre a cidadanía.
<a href="#">CA7.7 Recoñecéronse as funcións das oficinas de rexistro.</a>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Sistemas de información das administracións públicas.
Documentos na Administración. <a href="#">Normas de presentación de documentos ante a Administración. (CA 7.1)</a>
Arquivos públicos.
Rexistros públicos. <a href="#">Funcións das oficinas de rexistro.</a>
Dereito á información, á atención e á participación da cidadanía.
Vías de obtención de información e de atención á cidadanía.
Límites do dereito á información.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A puntuación mínima para superar as probas escritas teórico-prácticas e alcanzar a avaliación positiva do módulo, será igual a ou superior a 5 puntos en cada unidade didáctica.

Os criterios de cualificación son:

-Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais débense ter avaliadas de xeito positivo todas e cada unha das unidades de traballo dese trimestre. Unha unidade de traballo será avaliada positivamente cando se superen todos e cada un dos criterios de avaliación marcados coma mínimos exigibles. No caso das probas escritas, deberase obter obrigatoriamente UN MÍNIMO DE 5 para que se poda considerar alcanzado o mínimo, antes de sumarlle os resultados obtidos por medio de outros instrumentos de avaliación establecidos. A cualificación dunha avaliación parcial será a media de todas as cualificacións das unidades de traballo dese trimestre.

A cualificación final de cada trimestre estará formada por un 20% as tarefas de clase (exercicios, traballos, presentacións, mapas conceptuais, etc) e un 80% unha proba escrita que versará sobre os contidos da materia a avaliar no que se farán preguntas cortas, a desenvolver, verdadeiro e falso ou tipo test.

As probas de recuperación das partes non superadas faranse a final de curso.

-A cualificación FINAL do módulo profesional é a media das cualificacións parciais máis a puntuación (entre 0 e 1 puntos) de valoración da tarefa de presentación dunha carpeta global cos traballos do curso. Para facilitalo, faranse entregas parciais en cada avaliación.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consistirán no repaso dos contidos e realización dos exercicios feitos na clase relacionados cos criterios de avaliación e cos obxectivos mínimos non alcanzados polo alumno/a.

Analizarase cos alumnos os aspectos non alcanzados e se farán explicacións personalizadas.

Realizaranse durante o último trimestre e serán avaliadas na sesión de avaliación final de módulos.

A puntuación das probas escritas teórico-prácticas, para recuperalas e alcanzar así a avaliación positiva do módulo, será igual a 5 puntos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua por razóns de inasistencia reiterada, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos.

Estará relacionada cos resultados de aprendizaxe (RA) deste módulo e para o seu deseño tomaranse como referencia os obxectivos específicos, criterios de avaliación e os contidos indicados na programación.

Instrumento de avaliación: proba teórico-práctica sobre os criterios de avaliación, os obxectivos específicos, e os contidos deste módulo. A puntuación mínima para superala e alcanzar a avaliación positiva do módulo, será igual a ou superior a 5 puntos.



## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na primeira unidade didáctica informaráselles aos alumnos sobre os aspectos básicos do módulo.

Farase o seguimento da programación en canto ao cumprimento da secuencia e do tempo asignado a cada unidade didáctica.

Se durante o curso escolar se introduciran modificacións na programación, teranse en conta e valorarase a súa inclusión na programación do próximo curso.

Tamén se obterá información da observación e do diálogo co alumnado xa que, segundo as características propias de cada grupo e como a metodoloxía a utilizar non é universal, podería ser necesario facer unha revisión do proceso de ensino.

Da avaliación da práctica docente e da análise de toda información, logo dunha reflexión sobre os motivos dos desaxustes ou dos resultados desfavorables obtidos, incluíranse as oportunas modificacións na programación de cara ao seguinte curso académico.

Respecto aos elementos da programación docente, segundo o procedemento seguido ata o momento polo departamento didáctico, avaliarase:

- A oportunidade da selección, distribución e secuencia dos contidos.
- A idoneidade dos métodos pedagóxicos empregados e dos materiais didácticos utilizados.
- A adecuación dos obxectivos específicos aos criterios de avaliación asignados.
- As medidas de atención á diversidade que, no seu caso, se tiveran adoptado.

Analizaranse os resultados obtidos diferenciando as porcentaxes de aprobados e suspensos.

Seguiranse as pautas de coordinación, seguimento das programacións e avaliación da práctica docente que se establezan.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial que, ao tratarse de alumnado ao que xa se impartiu clases en primeiro, terá por obxecto revisar as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encargue da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Para completar toda esta información aportaranse datos referidos ao módulo obtidos da observación das alumnas e alumnos, así coma a valoración das probas e actividades realizadas durante as primeiras semanas do curso.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizaranse actividades específicas para aqueles alumnos/as que teñan dificultades para acadar algún dos obxectivos específicos.

O alumno/a elaborará as actividades que serán revisadas e, no seu caso, aclaradas na hora de atención aos alumnos ou nalgún recreo, se fora necesario.

Cando xa no curso anterior se tivera detectado algún alumno ou alumna que non pode responder globalmente aos obxectivos programados, revisaranse as actividades de ensino-aprendizaxe deste módulo de acordo coas pautas da orientadora e do resto do equipo docente, a fin de definir as actividades de reforzo ou de flexibilización modular máis apropiadas en cada caso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Versarán sobre un sistema de valores coma a responsabilidade, a tolerancia e o respecto polos compañeiros, e a non discriminación por razón de sexo ou raza.

En canto ao respecto polo entorno, fomentárase a reciclaxe de papel, o coidado e responsabilidade no uso dos equipos de reprografía e o aforro no consumo de enerxía.

Incidirase na importancia do traballo en equipo e no espírito emprendedor, adaptando ACTIVIDADES ao procedemento da APRENDIZAXE COOPERATIVA.

Insistirase en manter, en todo momento, unha correcta postura ergonómica.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ademais de animar ás alumnas e alumnos a participar nas actividades complementarias organizadas no centro, vanse realizar as seguintes saídas:

- Ás oficinas ou delegacións das distintas Administracións ubicadas en Cangas.  
Estase a xestionar incorporar á visita a oficina da ORAL e á Axencia de Desenvolvemento Local.
- Á delegación da Xunta de Galicia en Vigo.

## 10. Outros apartados

### 10.1) No presencial

Metodoloxía en caso de non presencialidade:

Malia que a aprendizaxe virtual non pode suplir o traballo da aula, en caso de que as autoridades establezan unha suspensión parcial ou integral das clases, o traballo do alumnado continuará a través de Aula Virtual. Nesta Aula Virtual crearanse espazos para a interacción diferida entre o alumnado e a profesora.

- Alumnado confinado no seu domicilio temporalmente debido a pandemia:

Todos os contidos traballados na aula, subiranse a aula virtual (apuntamentos, vídeos, publicacións, tarefas, etc).

O alumnado confinado terá a obriga, se as súas condicións de saúde o permiten, de seguir o curso mediante a aula virtual, e disporá do correo electrónico da profesora, e do foro da AV para facer as consultas que precise. De ser necesario utilizaranse clases telemáticas mediante Webex.

- Confinamento de todo o grupo:

As actividades adaptaranse a unha forma non presencial, centrándose en conseguir os aspectos fundamentais dos obxectivos destas, que

perseguen os resultados de aprendizaxe do módulo.

Como ferramentas principais na organización da formación non presencial, usarase as conexións WEBEX que se establezan no horario espello do Plan de ensino virtual ante a covid-19, e a Aula Virtual do centro.

Recursos para informarse e aprender:

- o Clases telemáticas mediante Webex, para explicacións e aclaracións.
- o Lectura de apuntamentos, e demais recursos da AV (vídeos, presentacións, publicacións, etc..)

Actividades de aprendizaxe e avaliación: A profesora animará a visualización de recursos, participación en debates, realización de tarefas etc., que axuden na adquisición dos resultados esperados a todo grupo, tendo en conta as distintas velocidades.

Os criterios de avaliación e cualificación serán os contidos nesta programación, extrapolados da forma proporcional á posible modificación das actividades non presenciais.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	de Rodeira	Cangas	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0440	Tratamento informático da información	2023/2024	10	267	319
MP0440_13	Operatoria de teclados	2023/2024	10	69	82
MP0440_23	Ofimática	2023/2024	10	160	192
MP0440_33	Multimedia	2023/2024	10	38	45

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARGARITA VARELA COELLO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en Xestión Administrativa fai referencia á evolución na competencia profesional destes técnicos, motivada polos avances tecnolóxicos que hoxe en día supoñen a utilización xeneralizada en tódalas empresas das aplicacións informáticas.

Tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitan conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

En xeral, nestes estudos prepárase ao alumnado para e realizar os procedementos administrativos propios dunha empresa utilizando os programas, equipos e soportes informáticos específicos da xestión administrativa. Estes profesionais son imprescindibles en todas as empresas, pois, independentemente do seu tamaño e do sector ao que pertencen, precisarán dispoñer de persoal administrativo para realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. A xestión das compras, das vendas, do persoal, etc. Será necesario preparar a este alumnado para realizar o seu traballo en (pequenas empresas nas que baixo a supervisión dun Técnico Especialista en Administración e Finanzas fará o traballo administrativo). Ou nun equipo (medianas e grandes empresas, nas que realizará tarefas de maior ou menor polivalencia e responsabilidade en función do tamaño da empresa e da súa organización interna).

O Centro educativo IES de Rodeira, no que, ademais da ESO e Bacharelato impártense os Ciclos Formativos de Xestión Administrativa, Administración e Finanzas, Informática e Telecomunicacións, así como o FP BÁSICA de administración.

O centro conta con adecuados recursos tanto materiais como humanos e caracterízase por un bon nivel de convivencia e pola integración de todos os membros da comunidade educativa.

Se o contextualizamos para o entorno da poboación de Cangas, no entorno do Centro encóntranse varias empresas que demandan servizos administrativos que acollen á gran maioría dos alumnos/as do ciclo para a Formación en Centros de traballo e onde é previsible que poidan desenvolver a súa carreira profesional. Ademais temos moi perto a cidade de Vigo, que conta con moitas empresas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Operatoria de teclados	Posición correcta tanto do corpo como das mans no teclado. Coñecemento do teclado. Exercicios de iniciación. Exercicios de velocidade e escritura de textos en linguas propias e estranxeiras. Desenvolvemento da destreza mecanográfica con exercicios prácticos de escritura ao tacto ata 350 p.p.	82	20
2	Informática e internet básicos	Saber diferenciar os elementos de hardware e software. Saber comprobar o funcionamento do equipo, as conexións e utilización dos periféricos e usar o software respetando os dereitos de autor.	10	10
3	Sistemas operativos	Utilizar as funcións básicas dos sistemas operativos así como a actualización e instalacións das aplicacións	15	10
4	Procesadores de texto	Elaborar, documentos de diversos tipos e estilos, insertando obxectos, táboas, revisando o idioma e importando e exportando documentos.	64	10
5	Follas de cálculo	Elaboración de documentos mediante follas de cálculo, usando patróns asistentes, deseño e importación e exportación así como impresión de ditos documentos	58	10
6	Bases de datos	Uso e creación de bases de datos, manexo, procura e filtrado da información e creación de macros	45	10
7	Elaboración de presentacións multimedia	Deseño e creación de presentacións, identificando as opcións básicas das aplicacións de presentacións, utilizando os periféricos correspondentes así como os métodos interactivos nas presentacións	18	10
8	Internet, xestión de correo e axenda electrónica	Aspectos básicos de internet, identificación de aplicacións de internet para a empresa utilizando as ferramentas de navegación. Identificación de diferentes contas de correo electrónico, descrición dos elementos do correo e configuración de contas de correo.	18	10
9	Imaxe dixital e vídeos	Elaboración de imaxes e manipulacións de vídeos, usando o retoque e aplicación de filtros e efectos.	9	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados	82

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.
CA1.2 Mantívose a posición corporal correcta.
CA1.3 Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.
CA1.4 Precisáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.
CA1.5 Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.
CA1.6 Utilizouse o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.
CA1.7 Utilizouse o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.
CA1.8 Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.
CA1.10 Localizáronse e corrixíronse os erros mecanográficos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Postura corporal ante o terminal. Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático. Colocación dos dedos. Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto: Escritura de palabras simples. Escritura de palabras de dificultade progresiva. Maiúsculas, numeración e signos de puntuación. Copia de textos con velocidade controlada. Escritura de textos Corrección de erros.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Informática e internet básicos	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza as funcións básicas dos sistemas operativos habituais na xestión e na procura de cartafoles e ficheiros, compartindo e actualizando recursos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse os principios de organización dos sistemas operativos a través dos ficheiros e os cartafoles que os integran, utilizando esquemas en función da súa xerarquía.
CA1.2 Distinguíronse as funcións básicas dos sistemas operativos na xestión de ficheiros e cartafoles.
CA1.3 Diferenciouse entre as aplicacións de xestión de ficheiros propios dun sistema operativo e o resto de aplicacións que se inclúen dentro del.
CA1.4 Explicáronse as prestacións fundamentais do sistema operativo que permiten procurar, archivar e manter a seguranza, a integridade e a confidencialidade da información.
CA1.5 Manexáronse sistemas operativos monousuario e multiusuario.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Elementos de navegación ou exploración nun sistema operativo, e funcións básicas de exploración.
Xestión de ficheiros e cartafoles
Programas propios do sistema operativo e os que se poidan incluír nel.
Prestacións fundamentais do sistema operativo.
Redes locais.
Contornos de usuarios.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistemas operativos	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala e actualiza aplicacións informáticas relacionadas coa tarefa administrativa, e razoa os pasos seguidos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os requisitos mínimos e óptimos para o funcionamento da aplicación.
CA2.2 Identifícanse e establecéronse as fases do proceso de instalación e actualización.
CA2.3 Respectáronse as especificacións técnicas do proceso de instalación.
CA2.4 Configúranse as aplicacións segundo os criterios establecidos.
CA2.5 Documentáronse as incidencias e o resultado final.
CA2.6 Solucionáronse problemas na instalación ou na integración co sistema informático.
CA2.7 Elimináronse e/ou engadíronse compoñentes da instalación no equipamento.
CA2.8 Respectáronse as licenzas de software.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Prestacións fundamentais do sistema operativo.
Tipos de aplicacións ofimáticas.
Tipos de licenzas de software.
Necesidades dos contornos de explotación.
Requisitos das aplicacións.
Compoñentes e complementos das aplicacións.
Procedementos de instalación, configuración e actualización.
Diagnóstico e resolución de problemas.
Técnicas de asistencia ao usuario

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Procesadores de texto	64

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Utilizáronse as funcións, as prestacións e os procedementos dos procesadores de textos e da autoedición.
CA4.2 Identificáronse as características de cada tipo de documento.
CA4.3 Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada, aplicando as normas de estrutura.
CA4.4 Utilizáronse diversos tipos de estilos.
CA4.5 Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo.
CA4.6 Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.
CA4.7 Detectáronse e corríxironse os erros cometidos.
CA4.8 Recuperouse e utilizouse a información almacenada.
CA4.9 Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.
CA4.10 Traballouse en grupo comparando documentos e versións, verificación de cambios, etc.
CA4.11 Elaboráronse macros adaptadas aos documentos administrativos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Funcións básicas dun procesador de textos.
Normas de seguridade, integridade e confidencialidade da información.
Combinación de documentos.
Traballo en grupo: comparación de documentos, versións de documento, verificación de cambios, etc.
Deseño e creación de macros.
Uso de software e hardware para introducir textos e imaxes.
Estrutura dos documentos: divisións e seccións.
Elaboración de documentos de diversos tipos (manuais, partes de incidencias, etc.).
Estilos.

**Contidos**

Formularios.

Creación e uso de patróns.

Inserción de obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.

Definición de idiomas e revisión ortográfica de documentos.

Importación e exportación de documentos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Follas de cálculo	58

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora documentos e patróns manexando opcións da folla de cálculo tipo.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Utilizáronse diversos tipos de estilos.
CA3.2 Utilizáronse diversos tipos de datos e referencias para celas, rangos, follas e libros.
CA3.3 Aplicáronse fórmulas e funcións.
CA3.4 Xeráronse táboas dinámicas e modificáronse gráficos de diferentes tipos.
CA3.5 Empregáronse patróns e asistentes.
CA3.6 Empregáronse macros para a realización de documentos e patróns.
CA3.7 Importáronse e exportáronse follas de cálculo creadas con outras aplicacións e noutros formatos.
CA3.8 Utilizouse a folla de cálculo como base de datos: formularios, creación de listas, filtraxe, protección e ordenación de datos.
CA3.9 Utilizáronse aplicacións e periféricos para introducir e imprimir textos, números, códigos e imaxes.
CA3.10 Traballouse en grupo cumprindo as normas de seguridade e integridade da información.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Estilos.
Uso de opcións de traballo en grupo, control de versións, verificación de cambios, etc.
Introdución á folla de cálculo: contorno de traballo, celas, rangos, libros, ringleiras, columnas e formatos.
Uso de fórmulas e funcións.
Creación de táboas e gráficos dinámicos.
Uso de patróns e asistentes.
Deseño e creación de macros.
Importación e exportación de follas de cálculo.
Elaboración de bases de datos: formularios, listaxes, ordenación, filtros e protección de datos.
Elaboración e impresión de documentos de diversos tipos (orzamentos, facturas, inventarios, etc.).



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Bases de datos	45

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de manipulación de datos en bases de datos ofimáticas tipo.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Estas probas serán puntuadas entre 1 e 10 puntos debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos para superar a unidade, e ter un mínimo da metade dos puntos en cada unha das partes (teórica e práctica), sempre que existan.

Tamén valorase os traballos na aula, a realización de exercicios, das actividades propostas pola profesora, e a participación, colaboración e actitude na aula.

Se nalgún trimestre non se propoñen actividades que puntúen como participación, os puntos acumúlanse as probas obxectivas.

Notas trimestrais de avaliación.

A nota trimestral calcularase, en base a 2 conceptos, da seguinte maneira:

A nota de cada avaliación será a suma da media aritmética das probas escritas realizadas, que terán un peso do 70% da nota da avaliación, e as producións dos alumnos cun peso do 30%, incluíndo tamén a observación directa do alumnado na aula.

Para facer dita media é preciso acadar a metade da puntuación en cada unha das partes nas probas escritas (parte teórica e práctica), no caso de existir.

Esta media tampouco se calculará se a nota en calquera das probas escritas é inferior a 4 puntos

Como as notas que figuran a efectos administrativos son números enteiros o achegamento ao número enteiro, a alta ou a baixa, realizarase tendo en conta a observación directa do alumnado.

Para aprobar a avaliación trimestral o/a alumno/a deberá ter unha nota global de 5 ou superior

De non cumprirse o anterior, a nota trimestral se establecerá segundo os seguintes criterios:

- a) Se a nota global resultante é de 5 ou superior e ten suspensa algunha proba obxectiva con menos de 4 puntos, a nota trimestral será de 4.
- b) Se a nota global é menor que 5, a nota trimestral será a nota global obtida.

Nota final.

1. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións.
2. Se algunha delas esta suspensa, non se calculara a media e o alumno poderase presentar a proba extraordinaria en xuño para superala.

Aqueles alumnos/as que con algunha avaliación suspensa ou non presentada realizaran no mes de xuño unha proba extraordinaria sobre o conxunto da materia, que permita recuperala e que substituirá a nota media das avaliacións

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para as unidades didácticas nas que non se cumpran os mínimos exigibles, se propoñerán medidas como repetición de actividades, realización doutras novas, explicacións personalizadas, etc.

Deseñarase unha proba específica de recuperación que contará cunha parte teórica e/ou outra práctica, inspiradas nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos correspondentes.

Esta recuperación farase, ao final de cada avaliación trimestral.

En caso de non haber tempo suficiente, a proba de recuperación da terceira avaliación poderá ser substituída polo exame final

Proba obxectiva final.

O remate do curso, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final, inspiradas nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos correspondentes, na que cada alumno/a recuperará a/as unidades didácticas que non teña superadas.

A puntuación da proba será de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A avaliación continua do/a alumno/a require a asistencia regular ás clases.

Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

Estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo.

Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo profesional.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Recollerase información do alumnado a través de cuestionarios anónimos para:

- Avaliar a práctica docente da profesora na aula
- Avaliar o material didáctico
- Avalar os recursos dispoñibles na aula e a súa utilización
- Expoñer as propostas de mellora que consideren adecuadas

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

En primeiro lugar, terase en conta a información de todo tipo que a orientadora do centro e o titor/a do grupo proporcione sobre cada alumno. Esta información completaráse cos datos obtidos da observación do alumnado así como das actividades realizadas durante as primeiras semanas do curso.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

As medidas de reforzo educativo, serán sempre consensuadas co resto do equipo docente do grupo e incluírán:-

- Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran
- Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema

- Diseñaranse actividades de reforzo que lles permita acadar os obxectivos mínimos de cada unidade didáctica
- Propoñeranse actividades que permitan afondar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Se tratarán os seguintes temas transversais:

- Igualdade de dereitos no mundo do traballo.
- Respeto ao medio ambiente.
- Defensa dos consumidores
- Respeto dos valores democráticos
- Responsabilidade social das empresas.
- Fomento do consumo responsable.

As actuacións concretas para incorporar os temas transversais serían:

Descubrir a presenza dos temas transversais no conxunto dos elementos do currículo do módulo.

Aproveitar a celebración dos días conmemorativos que se relacionan con estes temas transversais, para a realización de actividades.-

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En principio non están previstas. Ao longo do curso pode que xurda a oportunidade de asistir a algunha conferencia ou visitar algunha empresa ou organismo.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	de Rodeira	Cangas	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0449_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARIA DEL MAR EXPÓSITO RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica realizase tomando como referencia o contido o Decreto 191/2010 de 28 de outubro, (que desenvolve o Real Decreto 1631/2009), que establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente o título de técnico en xestión administrativa.

Polo que respecta ao CONTORNO PROFESIONAL do alumnado do Ciclo medio de xestión administrativa

1-Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade e nomeadamente no de servizos, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

2-As ocupacións e postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Auxiliar administrativo/a.
- Axudante de oficina.
- Auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos.
- Administrativo/a comercial.
- Auxiliar administrativo/a de xestión de persoal.
- Auxiliar administrativo/a das administracións públicas.
- Recepcionista.
- Empregado/a de atención á clientela.
- Empregado/a de tesouraría.
- Empregado/a de medios de pagamento.

As 107 horas que, o módulo de Formación e Orientación Laboral, ten asignado do conxunto das 2000 horas que conforman os estudos da titulación, oriéntanse a consecución da formación necesaria para que o alumno ou alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da súa familia profesional.

A COMPETENCIA XERAL deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Con respecto o módulo de Formación e Orientación Laboral, os alumnos deberán acadar as seguintes COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS, E SOCIAIS:

- Aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, de hixiene e de calidade durante todo o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no ambiente.
- Cumprir os obxectivos da produción actuando conforme os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais adecuadas cos membros do equipo de traballo.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- Detectar e analizar oportunidades de emprego e autoemprego desenvolvendo unha cultura emprendedora e adaptándose a diferentes postos de traballo e a novas situacións.
- Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- Participar nas actividades da empresa con respecto e con actitude de tolerancia.

-Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

-Participar no traballo en equipo respectando a xerarquía definida na organización.

OS OBXECTIVOS XERAIS deste ciclo, que corresponden o módulo de Formación e Orientación Laboral son:

-Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.

-Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do seu traballo.

-Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

-Recoñecer e identificar as posibilidades de negocio, analizando o mercado e estudando a viabilidade empresarial para a xeración do seu propio emprego.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Traballando -ben- con outros	Unidade relativa a aprender a traballar con outros e a supera-los problemas que se poidan dar no día a día entre as persoas.	4	10
2	Fixéronme un contrato... Que teño que saber?	Estudo sobre a relación laboral (fontes e dereitos) e dereito sindical, así como as características do contrato de traballo, xornada e descansos.	27	10
3	E logo... canto me han pagar?	Elaboración de nóminas a partir da comprensión dos distintos conceptos que a forman.	16	10
4	Ventos de cambio no meu traballo	Traballaremos as modificacións que se poden aplicar á relación laboral, os casos nos que queda en suspensión ou as consecuencias da extinción segundo o tipo de que se trate.	14	10
5	Para que serve exactamente a Seguridade Social?	Trátase de pór en valor o papel desta institución no noso Estado de Dereito e aprender a calcular diferentes prestacións.	9	10
6	Imos buscar un choio...	Elaboración dos documentos de busca de emprego e práctica de entrevistas	4	10
7	A prevención en termos xerais	Conceptos básicos.Disciplinas preventivas.Dereitos e deberes.	14	10
8	Os riscos xerais e os riscos específicos	Estudo pomenorizado sobre os riscos de seguridade, ambientais, ergonómicos e psicosociais.	16	10
9	Planeando a prevención dentro da empresa	Acción preventiva. Plan de prevención. Situacions de emerxencia. Organismos públicos. Representantes dos traballadores.	14	10
10	Os Primeiros Auxilios	Actuacións ante diferentes situacións de primeiros auxilios.	10	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Traballando -ben- con outros	4

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en xestión administrativa e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector administrativo e financeiro segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Fixéronme un contrato... Que teño que saber?	27

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.5.1 Estudiáronse as principais condicións laborais recollidas nun convenio do sector.
CA2.5.2 Recoñécense as principais características dos permisos así como os dereitos de conciliación entre a vida persoal e profesional.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Comparación entre as condicións recollidas no Estatuto dos Traballadores e convenios colectivos aplicable ao sector.
Comprensión das limitacións e dos descansos legais.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	E logo... canto me han pagar?	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en xestión administrativa.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
<b>Determinación das condicións salariais dos postos que pode ocupar unha persoa coa titulación do ciclo, segundo diferentes convenios colectivos.</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Ventos de cambio no meu traballo	14

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.9.1 Comprenderonse as principais modificacións que poden ter lugar ao longo da relación laboral.
CA2.9.2 Sinaláronse as situacións polas que se suspende o contrato de traballo e as súas consecuencias.
CA2.9.3 Analizáronse as diferentes causas de extinción dos contratos de traballo e as súas consecuencias.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.  As movidades funcional e xeográfica e as modificacións sustanciais do contrato de traballo.  As situacións que suspenden a relación laboral e as súas consecuencias.  Os tipos de extinción do contrato e as súas consecuencias.  O procedemento de impugnación dun despido e as posibles sentencias.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Para que serve exactamente a Seguridade Social?	9

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Imos buscar un choio...	4

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en xestión administrativa.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en xestión administrativa.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A prevención en termos xerais	14

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.



**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Os riscos xerais e os riscos específicos	16

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.
CA2.4.1 Analizáronse os riscos derivados das condicións medioambientais.
CA2.4.2 Relacionáronse os danos asociados a unhas malas condicións medioambientais.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA2.5.1 Identifícanse os factores de risco asociados ás condicións ergonómicas e psicosociais.
CA2.5.2 Asociáronse os danos derivados de condicións ergonómicas e psicosociais.
CA2.5.3 Tivéronse en conta os riscos derivados das condicións de traballo e medioambientais, e as medidas de prevención.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector administrativo e financeiro en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector administrativo e financeiro.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Planeando a prevención dentro da empresa	14

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Os Primeiros Auxilios	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os que constan nesta programación didáctica, que inclúen os do currículo do ciclo así como os elementos novos e subCA que aparecen na mesma.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As cualificacións do alumno no módulo serán o resultado de valorar:

- Probas realizadas de control de coñecementos: Representan como mínimo o 80% da nota. Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación, dependendo da materia de que se trate que incluirán preguntas de resposta curta ou tipos test e supostos prácticos relativos ao temario. O exame será substituído por un traballo na Unidade correspondente á Orientación Laboral. Será necesario unha nota mínima de 4.5 para facer media; aínda que no traballo substitutivo do exame, será necesario obter, como pouco, un 5. Se algún alumno ou alumna incurrixe, no desenvolvemento das probas, en prácticas fraudulentas, dita proba lle será retirada e avaliarase cun cero.
- Traballos e realización de actividades propostas: Representan como máximo o 20% da nota. Nos traballos avaliarase: presentación, estrutura, adecuación do contido ao nivel esixido, conclusións, bibliografía. Haberá que presentar, polo menos, a metade dos traballos propostos para que conte ese 20%.

O alumno para superar o módulo terá que acadar unha nota igual o superior a cinco, sendo requisito indispensable ter superadas cada unha das avaliacións. A nota final será o resultado de realizar a media aritmética das avaliacións.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Unha avaliación parcial.

A avaliación do alumno a través do curso non será continua, o cal non implica que a superación de calquera das avaliacións periódicas non dá por superadas todas as anteriores. Por conseguinte dispoñerase dun sistema de recuperación ante a eventualidade de non superar as avaliacións parciais.

A tal fin o alumno que suspenda unha avaliación parcial, deberá superar unha proba que abarque os contidos mínimos necesarios (das unidades didácticas que teña suspensas), usando o mesmo esquema como na avaliación ordinaria.

Se calificará facendo media co exame a recuperar.

A avaliación final ordinaria.

A nota final do alumno con dereito a avaliación continua será a nota media das avaliacións parciais. Se algún alumno non superase algunha avaliación a pesar do proceso de recuperación, terá dereito a unha avaliación final ordinaria, que consistirá unha proba que englobe os contidos mínimos das avaliacións que o alumno/a teña suspensos.

### MÓDULO PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

Se facilitarán uns boletíns de exercicios para axudar ao alumno a recuperar, en dous exames, a materia pendente.

Plan de traballo:

As actividades de repaso da materia levaranse a cabo o longo do primeiro e do segundo trimestre do curso.

Os alumnos/as que accedan a 2º curso do ciclo có módulo pendente de superar, terán actividades de recuperación durante os trimestres sinalados. Farán dúas probas como mínimo, unha por trimestre, sobre os contidos teóricos e prácticos traballados nese período.

No terceiro trimestre, aqueles alumnos/as que non foron capaces de superar o módulo co proceso descrito, terán de novo actividades de

recuperación e terán que superar unha proba final cos contidos, teóricos e prácticos, ca finalidade de superar o módulo en Xuño.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

O inicio do 1º e 2º trimestre entregarase a cada alumno/a o traballo a realizar e deberá entregalo unha semana antes do exame.

O alumno/a terá:

- Que resolver as cuestións teóricas e os supostos prácticos esixidos.
- Realizar resúmenes e esquemas de cada unha das UD que se desenrolan no trimestre.
- Realizar unha proba teórico-práctica dos contidos traballados ao longo de cada un dos trimestres.

No 3º trimestre o alumnado que non superou o módulo deberá realizar unha nova proba escrita e presentar os traballos esixidos.

Criterios de cualificación:

O traballo realizado o longo do 1º e do 2º trimestre polo alumno/a terá un peso dun 20% no conxunto da nota da avaliación.

A proba escrita do final de cada un dos dous trimestres terá un peso dun 80% no conxunto da nota da avaliación.

Para considerar superado o módulo se calculará a nota media entre as obtidas o remate de cada un dos dous primeiros trimestres, esixíndose alcanzar polo menos en cada proba un 4.5 para poder calcular a media.

No 3º trimestre, a puntuación será a seguinte:

- Un 20% os traballos.
- Un 80% a proba escrita final.

Quen perda o dereito da Avaliación continua, terá que presentarse a un único exame que englobará preguntas teóricas e exercicios prácticos, sendo o valor da proba o 100% da nota e tendo que acadar un 5 na mesma para poder superar o módulo.

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A proba vai destinado aos alumnos que as súas faltas de asistencia superen o 10% do total da carga lectiva horaria do Módulo.

1. A avaliación destes alumnos faise coa avaliación final ordinaria de módulos.
2. Quen perda o dereito da Avaliación continua, terá que presentarse a un único exame que englobará preguntas teóricas e exercicios prácticos, sendo o valor da proba o 100% da nota e tendo que acadar un 5 na mesma para poder superar o módulo. (os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación serán os mesmo que os do apartado 5 desta programación).

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Segundo os procedementos establecidos polo centro.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Empregarase a información das primeiras probas escritas feitas polo alumnado para recabar a información necesaria, trátase de avaliar os coñecementos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar.

As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, por elo concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Có obxectivo de conseguilo as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como o fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborárase có departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente.

As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se podan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra, ó alumnado con dificultades, nas horas de tutoría e nos recreos, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, casos prácticos, etc) eminentemente de carácter práctico.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En todas as áreas dos módulos deste departamento teñen que estar presentes uns temas que denominamos transversais, que se vertebran como fundamentais para garantir unha completa formación do alumnado no plano profesional e persoal.

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral.
- Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.
- Educación do consumidor. A finalidade é adquirir esquemas de tomas de decisión que consideren todas as alternativas e as consecuencias a nivel individual, social, económico e medioambiental. Tamén se procurará desenvolver o coñecemento dos mecanismos básicos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e o xeito de facelos efectivos. O obxectivo en definitiva, é crear unha conciencia de consumidor responsable que

se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

- Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario,. Ademais este aspecto fomentárase valorando por igual os criterios aportados polo alumnado, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que emprega a muller como símbolo sexual.

- Educación para a Paz: tratando de conseguir, desde o inicio das clases, un bo ambiente laboral e comezando pola unidade de Traballo en equipo, fomentando o diálogo e a asunción de responsabilidades individuais para acadar os resultados fixados e a colaboración entre o alumnado, así como fomentar o respecto entre eles e o equipo docente.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Cantas charlas, visitas, actividades complementarias acorde como de utilidade o departamento, co consentimento da directiva do centro.  
Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación co resto de departamentos do Ciclo e a través da Aula de Emprendemento.

## **10.Outros apartados**

### **10.1) Aula Virtual**

Todos os contidos traballados na aula colgaranse na aula virtual, a saber, apuntamentos teóricos, boletíns de exercicios e todo canto material se empregue presencialmente como ligazóns a vídeos ou outro tipo de ferramentas didácticas.

O alumnado que precise quedar no seu domicilio temporalmente terá a obriga de seguir o curso mediante o aula virtual e disporá desta para realizar as consultas que considere oportunas á docente

### **10.2) Orientación Laboral**

Procurarase levar a cabo un obradoiro de busca de emprego no último trimestre, coincidido co tema de Orientación Laboral.